

ESTRATEGIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR 2025

Educonvives 2025



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21·22

Índice

1. Contexto	3
1.1. Visión	3
1.2. Marco normativo	5
2. Principios	9
3. Grandes retos	12
4. Eixes	14
E1. Avance da convivencia positiva como estilo educativo	14
E2. Impulso da formación integral da comunidade educativa para o exercicio dunha cidadanía dixital ética, segura e responsable.....	14
E3. Fomento da competencia emocional da comunidade educativa	14
E4. Reforzo dunha convivencia equitativa, inclusiva e con perspectiva de xénero	14
5. Liñas de impacto	16
L1. Promoción da convivencia positiva	17
L2. Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso de Galicia.....	20
L3. Convivencia dixital responsable	24
L4. Competencia Dixital e Pensamento Crítico	26
L5. Mellora do benestar emocional.....	28
L6. Hábitos de vida saudables	31
L7. Plan de coeducación	34
L8. Formación docente en convivencia, coeducación e educación emocional.....	36
L9. Diagnóstico e seguimento da convivencia escolar	38
6. RESUMO GRÁFICO DE EIXES ESTRATÉXICOS E LIÑAS DE IMPACTO	40
7. Bibliografía	41

1. CONTEXTO

1.1. Visión

O compromiso co coidado e coa mellora continua do clima de convivencia nos centros educativos vén sendo unha máxima da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nos últimos anos. Así, a publicación da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, e a creación do Consello para a Convivencia Escolar, fixaron o marco que supuxo o punto de inflexión decisivo no establecemento de medidas e actuacións en materia de convivencia escolar.

Neste contexto, a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 e o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 recolleron por vez primeira unha planificación, unha ruta a seguir. Así identificáronse os obxectivos a acadar no ámbito da convivencia e da igualdade e as accións para o seu desenvolvemento, creando estruturas e deseñando modelos documentais para a súa consecución.

Asemade, no ano 2015 realizase a I Enquisa de diagnose da convivencia escolar dirixida a conxunto da comunidade educativa e no ano 2019, a II Enquisa, que confirman nos seus resultados o avance no impulso de accións positivas e na consecución da mellora do clima escolar.

O traballo e esforzo realizado contribuíu á construción dun modelo de convivencia escolar que converte a Galicia nun claro exemplo de boa práctica. As puntuacións obtidas pola nosa comunidade no informe PISA 2018¹ así o reflicten, ao situar o alumnado galego nos primeiros postos en tolerancia e respecto cara outras culturas, superando á media de España e do conxunto de países da OCDE.

Nesta conxuntura e a efectos de fixar os piares da nova planificación estratéxica a seguir, a *Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 "Educonvives 2025"*, procédese a desenvolver no ano 2021 a III Enquisa de diagnose de convivencia dirixida ao conxunto da comunidade educativa. Os logros melloran con respecto ás dúas edicións anteriores (2015, 2019) e o nivel de participación tamén se ve incrementado. En canto aos resultados, o 90% dos colectivos consultados consideran que non existen problemas de convivencia nos centros ou que estes ocorren de xeito puntual.

1. Ministerio de Educación e Formación Profesional (2020). PISA 2018. Competencia Global. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Atención ao cidadán, documentación e publicacións. Madrid. ISBN: 978-84-369-5967-3. <https://www.educacionyfp.gob.es/inee/evaluaciones-internacionales/pisa/pisa-2018/pisa-2018-informes-es.html>

Os resultados confirman o bo clima de convivencia das aulas galegas, se ben hai aspectos susceptibles de mellora nos que cómpre seguir traballando. Destaca a relevancia que están a gañar as contornas dixitais como escenarios a onde se trasladan os conflitos. Internet intégrase cada vez máis na nosa vida, aumentando o risco de que se produzan situacións contrarias á convivencia.

Os Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS) que integran a Axenda 2030 tamén incorporan no seu obxectivo número catro unha chamada cara a unha educación inclusiva, equitativa e de calidade; a promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas e outras propostas moi relevantes para a convivencia escolar, como garantir unha vida saudable, acadar a igualdade entre mulleres e homes e promover sociedades pacíficas e inclusivas.

Polo tanto, a nova folla de ruta ten que apostar de maneira decidida polo modelo ecolóxico de desenvolvemento humano, sumándose ás directrices a nivel nacional e internacional e atendendo a excepcionalidade que marcou a crise sanitaria da COVID-19, a cal nos sitúa ante necesidades emerxentes de actuación inmediata como a saúde mental da comunidade educativa. A execución desta estratexia supoñerá decidido afondamento na xestión da convivencia, incidindo no desenvolvemento integral do alumnado, na prevención, na innovación, na coeducación e na educación emocional; e incorporará aspectos de mellora nos plans de convivencia e igualdade dos centros educativos. Contribuirá, asemade, a garantir os dereitos de todo o alumnado recollidos na Convención sobre os Dereitos do neno, incidindo especialmente naquel que se atope en situación de vulnerabilidade socioeducativa.

Consciente desta responsabilidade, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, apoiándose no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica e na Estratexia Educación Dixital 2030, incorpora nesta estratexia programas e recursos específicos para favorecer unha convivencia positiva, reducir o acoso escolar e o ciberacoso, a violencia de xénero (incluída a dixital), a LGBTIfobia e camiñar en consonancia coa transformación dixital da sociedade. En consecuencia, fomentarase o uso de metodoloxías eficaces e efectivas dando visibilidade ás boas prácticas no tratamento da convivencia como un proceso permanente e transversal de aprendizaxe que garanta o respecto ás diferenzas individuais, proporcione un contexto de benestar, promova a solidariedade, a inclusión e a igualdade.

Neste contexto é no que se inscribe este plan de traballo co propósito de avanzar cara á construción de centros máis seguros, accesibles, inclusivos, equitativos e saudables.

1.2. Marco normativo

As referencias normativas internacionais, nacionais e autonómicas que se tiveron en conta nesta Estratexia foron fundamentalmente:

Eido internacional

A **Declaración Universal de Dereitos Humanos**, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1948, establécese como ideal común polo que todos os pobos e nacións deben esforzarse, a fin de que tanto os individuos como as institucións promovan, mediante a ensinanza e a educación, o respecto a estes dereitos e liberdades, e aseguren, mediante medidas progresivas de carácter nacional e internacional, o seu recoñecemento e a súa aplicación de maneira universal e efectiva.

A **Convención dos Dereitos do Neno**, ratificada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1989, recoñece o dereito da infancia a ser protexida por todo o persoal das institucións educativas contra todo xeito de abuso e/ou prexuízo; incidindo no dereito fundamental de nenos, nenas e adolescentes ao respecto da súa dignidade e integridade física e persoal.

A **Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade**, de 2006, recoñece que os nenos e as nenas con discapacidade deben gozar plenamente de todos os dereitos humanos e das liberdades fundamentais en igualdade de condicións. Destaca a importancia que para o logro desta finalidade teñen os axustes razoables ou as modificacións e adaptacións necesarias; así como o deseño universal, entendido como o deseño de produtos, contornas, programas e servizos que poidan utilizar todas as persoas, na maior medida posible, sen necesidade de adaptación nin deseño especializado.

O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita fronte á violencia contra as mulleres e á violencia doméstica, coñecido como **Convenio de Istambul** (2011), ratificado polo Estado español, marcou o marco conceptual da violencia de xénero e expresou a necesidade de traballar desde o ámbito educativo a sensibilización, a prevención e a intervención ante situacións de violencia contra as mulleres.

Máis recentemente, o **Foro Mundial sobre educación (2015)**, aprobou a **Declaración de Incheon para a Educación 2030**, que recolle 17 obxectivos para o Desenvolvemento Sostible (ODS) entre os que se inclúe o obxectivo nº 4 referido á educación de calidade, que

pretende garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, xunto coa promoción de oportunidades de aprendizaxe permanente para todo o alumnado.

A **Estratexia Europea pola Igualdade de Xénero 2020-2025** sinala o ámbito educativo como un dos espazos de traballo necesarios para reducir as fendas de xénero presentes en todos os eidos sociais.

Eido nacional

A **Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero** recolle no capítulo I un amplo apartado dedicado ao traballo de sensibilización, prevención e intervención desde o ámbito educativo.

A **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación reconece como fins da educación os seguintes: o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado, a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, así como a valoración crítica das desigualdades, que permita superar os comportamentos sexistas. Así mesmo, a dita lei propón o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A **Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia** recolle no seu artigo 35 a creación dunha figura que coordine o benestar e da protección ao alumnado que actuará baixo a supervisión da persoa que ostente a dirección ou titularidade do centro.

A **Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación**, reflicte no seu artigo 13 a importancia de que as administracións educativas leven a cabo as actuacións necesarias para a prevención, atención e eliminación de todas as formas de discriminación por motivos de sexo, de orixe racial ou étnico, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual. Fomentárase a inclusión, nos plans de estudo nos que proceda as ensinanzas en materia de igualdade de trato e non discriminación, tolerancia e dereitos humanos, afondando no coñecemento e respecto doutras culturas, contribuíndo á valoración das diferencias culturais, así como o recoñecemento e a difusión da historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, para promover o seu coñecemento e reducir estereotipos.

Eido autonómico

A **Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero** recolle no capítulo III un apartado específico dedicado ás medidas de actuación relacionadas co traballo de sensibilización, prevención e intervención desde o ámbito educativo. Na súa versión consolidada, engádese como foco de atención de interese os ciberdelitos relacionados coa violencia de xénero.

A **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa**, pioneira en aportar unha definición legal de acoso e ciberacoso, parte da convicción de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias. A dita lei incide moi especialmente na corresponsabilidade familia-escola nesta tarefa e vincula a regulación da convivencia nos centros docentes ao establecemento de canles para a súa participación no proceso educativo.

O **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación supón un importante avance para o impulso da atención á diversidade desde unha perspectiva de convivencia positiva.

A **Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia** reforzou o tratamento da diversidade afectivo-sexual e de identidade de xénero no ámbito educativo.

O **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro**, que desenvolve a Lei 4/2011, define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto e de solidariedade mutua. Define o plan de convivencia como o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que se deben acadar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar para acadar os obxectivos planificados. Créase mediante este decreto o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar, e responsable de impulsar a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025.

A **Resolución do 3 de xullo de 2018**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o apoio á creación e ao funcionamento das escolas de nais e pais reguladas pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa favoreceu un avance decisivo na aposta pola formación das familias e pola súa inclusión nos procesos de ensino-aprendizaxe dos centros docentes.

A **Instrución do 6 de setembro de 2019**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional supuxo un impulso decisivo para a incorporación da coeducación como elemento transversal ao traballo dos centros.

A **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación desenvolveu polo miúdo os principios de convivencia e inclusión que trasladou o citado decreto.



2. PRINCIPIOS

A Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 susténtase nun conxunto de premisas implícitas a todos os plans, programas e actuacións recollidas nela.

Individualización

A educación non é allea ao proceso de cambio no que está inmersa a sociedade actual. Esta realidade, marcada pola pandemia, obríganos a favorecer no alumnado a adquisición de competencias e a mellora das que xa posúe para enfrontarse ás novas situacións.

Concibimos o alumnado como protagonista da educación para así favorecer o seu desenvolvemento integral, de maneira que poida lograr o máximo progreso a nivel persoal e académico. No marco dunha educación de calidade, equitativa e inclusiva, a escola constitúe un espazo de crecemento persoal que se adapta e responde ás características particulares.

Esforzo compartido

Enténdemos a convivencia escolar como unha responsabilidade compartida sustentada nos valores de confianza, transparencia e proximidade. É necesario potenciar a colaboración non só dentro do ámbito educativo senón tamén doutros ámbitos como o sanitario, social e os do “terceiro sector”. É fundamental promover sinerxías entre os distintos posibles actores para o desenvolvemento de iniciativas innovadoras en beneficio da convivencia escolar.

Unha educación de calidade que outorgue á comunidade educativa un clima de benestar nas aulas é resultado da cooperación entre o alumnado, o profesorado, as familias, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto.

Prevención

Unha actitude proactiva da comunidade educativa que permita adiantarnos á aparición das dificultades, ou minimizalas, constitúe a base necesaria para acadar unha convivencia

positiva nas aulas. O deseño e desenvolvemento de plans e programas con carácter preventivo constituirán a mellor ferramenta para formar e sensibilizar a alumnado, profesorado e familias para *aprender a convivir*.

Provención

O enfoque preventivo ten como obxectivo preparar para xestionar os conflitos, proporcionando ferramentas para abordalos de xeito construtivo.

A formación das persoas na provención supón fortalecer nelas habilidades e capacidades como a empatía, a solidariedade, a cooperación e a colaboración, a comunicación e a negociación, para que sexan quen de abordar os conflitos de xeito positivo.

Adaptación á transformación dixital

En consonancia coa Estratexia Galicia Dixital 2030, a Estratexia Educación Dixital 2030 e co Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica resulta necesario informar e formar á comunidade educativa para que sexa quen de desenvolver estratexias e habilidades nesta era dixital.

A situación global de pandemia acelerou a transformación dixital das escolas, un fenómeno que impregna desde fai tempo diversos ámbitos da sociedade e que afecta á comunidade educativa nunha dobre vía: dispoñer dos recursos necesarios para o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e do profesorado e contar coas pautas que faciliten a convivencia na contorna dixital.

Coidado do benestar emocional

O sistema educativo debe contribuír a que as persoas que integran a comunidade educativa adquiren as habilidades interpersoais e intrapersoais necesarias para acadar un bo estado de saúde emocional. É fundamental que o profesorado teña unha adecuada xestión das súas emocións para así axudar ao alumnado no manexo das súas. Neste sentido, poñeranse á disposición dos centros educativos as pautas e os recursos necesarios para potenciar o benestar emocional da comunidade escolar.

A coeducación como estilo educativo

En consonancia co pulo dado co I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, impúlsase a configuración dos centros educativos como espazos libres de estereotipos e de violencia de xénero. O estilo coeducativo implica educar no respecto e na promoción dos dereitos e das liberdades fundamentais, na consecución efectiva da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e na igualdade de trato e non discriminación das persoas en función da súa condición sexual.



3. GRANDES RETOS

O paradigma da *non-violencia* é o único que nos permite progresar como sociedade, cooperar, mudar dificultades por oportunidades e respectar os dereitos das persoas. Aprender a resolver conflitos, garantir a seguridade e vivir en paz constitúe un desafío social e educativo. Con estas premisas, a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 propónse os seguintes retos:

- » Consolidar a **convivencia positiva** nas aulas, que garanta os dereitos e a dignidade de todas e cada unha das persoas baixo un paraugas de respecto e equidade. Aprender a vivir xuntos é un dos piares da educación do século XXI² polo que a escola debe establecerse como un contexto de igualdade e cooperación.
- » Desenvolver unha planificación baseada na mellor evidencia científica dispoñible e sostible en consonancia cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS, 2030) e suficientemente permeable para permanecer sempre adaptada á **innovación educativa** en materia de convivencia escolar.
- » Potenciar a consideración do **alumnado como o eixe central das nosas actuacións** para incrementar o seu compromiso, e dicir, a súa conexión, participación e implicación no seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- » Avanzar cara a unha **perspectiva ecolóxica** da convivencia, partindo do desenvolvemento humano como unha rede de interaccións que debemos considerar e sobre as que intervir para acadar con éxito os logros marcados. A **coordinación, a colaboración e o traballo en rede** serán piares fundamentais desta perspectiva.
- » **Loitar contra o acoso escolar e o ciberacoso** entendendo estes como fenómenos interrelacionados, reforzando as ferramentas de prevención, provención e detección, así como o seguimento individualizado do alumnado. A *tolerancia cero* cara ao acoso escolar e o ciberacoso debe ser a mensaxe firme a transmitir por todas as persoas que forman parte da comunidade educativa.

2. Delors, J. (1996): “*Los cuatro pilares de la educación*” en La educación encierra un tesoro. Informe a la UNESCO de la Comisión internacional sobre la educación para el siglo XXI, Madrid, España: Santillana/UNESCO

- » Transmitir a **tolerancia cero contra a violencia de xénero e a LGTBIfobia** co fin de acadar que os centros educativos sexan espazos seguros e transmitan a mensaxe de constituír un lugar de acollida para todo o alumnado no conxunto da súa diversidade.
- » Poñer en marcha **programas de innovación educativa** que reforcen os principios da coeducación e que actúen na transformación social dos centros e da comunidade educativa impulsando un cambio que favoreza a construción dunha cidadanía democrática, solidaria, tolerante e igualitaria que sexa quen de superar calquera tipo de discriminación.
- » Impulsar a **cultura da provención** que asuma o conflito como oportunidade e a convivencia escolar como medio para a transformación e mellora persoal e social.
- » Avanzar en consonancia á **transformación dixital** e aos espazos emerxentes de convivencia e relación social. Resulta preciso formar persoas con competencias para iniciar e manter relacións sas en contornas dixitais (**ciberconvivencia**) e para exercer de forma responsable e crítica a **ciudadanía dixital**.
- » Dotar á comunidade educativa de estratexias e recursos que contribúan **ao coidado do equilibrio e benestar emocional** dentro dunha contorna participativa, de comunicación e apoio.
- » **Especializar as accións de formación permanente** no ámbito do benestar emocional, a convivencia e a coeducación.

4. EIXES

A estratexia concrétase arredor de 4 eixes:

EIXE 1

Avance da **convivencia positiva** como estilo educativo de centro.

EIXE 2

Impulso da formación integral da comunidade educativa para o exercicio dunha **cidadanía dixital, ética, segura e responsable**.

EIXE 3

Fomento da **competencia emocional** na comunidade educativa.

EIXE 4

Reforzo dunha convivencia **equitativa, inclusiva e con perspectiva de xénero**.

Para abordar estas prioridades requírense accións coordinadas que actúen sobre:



Alumnado

- » Contribuíndo ao seu desenvolvemento integral (cognitivo, persoal, social e emocional) coa posta en marcha de programas educativos específicos.
- » Apoando a súa formación na cultura de paz, no respecto á diversidade inherente ao ser humano, a empatía e os hábitos de vida saudables e sostibles.
- » Potenciando situacións de aprendizaxe que axuden á súa formación dunha cidadanía autónoma, crítica, responsable e comprometida tanto coa realidade física como virtual.
- » Acompañando a súa aprendizaxe permanente ao longo da vida e a súa integración nunha sociedade vulnerable despois da crise sanitaria da COVID-19.



Profesorado

- » Impulsando e desenvolvendo a formación do profesorado contribuíndo á súa alta especialización nos principios da convivencia escolar e da coeducación.
- » Proporcionando recursos e ferramentas de apoio para a xestión da convivencia escolar e para a integración da mesma no deseño e desenvolvemento curricular.



Centros educativos

- » Facilitando os recursos necesarios para que os procesos educativos en materia de convivencia escolar e coeducación muden ao ritmo das necesidades sociais, apostando por un cambio de paradigma da xestión da convivencia.
- » Proporcionando un marco estratéxico de actuación que permita mellorar os seus Plans de Convivencia e adecualos á innovación e a investigación en materia de convivencia escolar e coeducación.
- » Poñendo a súa disposición asesoramento especializado e recursos de apoio que lles permita situarse sempre na liña da mellora da convivencia escolar e do clima de centro.
- » Impulsando accións conxuntas con outras institucións e organismos que redunden na mellora da convivencia escolar.



Familias

- » Promovendo a implicación das familias no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos e das súas fillas.
- » Consolidando as estruturas de participación das familias no centro educativo co obxectivo de que se sintan parte del.
- » Ofrecendo formación especializada en materia de convivencia e coeducación, con especial atención á formación en materia de habilidades relacionais.

5. LIÑAS DE IMPACTO

A continuación expóñense as liñas de impacto que desenvolverán os eixes desta estratexia, e que conforman a súa base fundamental:

EIXE 1

Avance da **convivencia positiva** como estilo educativo de centro.

L1

Promoción da Convivencia Positiva

L2

Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso

EIXE 2

Impulso da formación integral da comunidade educativa para o exercicio dunha **ciudadanía dixital**, ética, segura e responsable.

L3

Convivencia dixital responsable

L4

Competencia dixital e pensamento crítico

EIXE 3

Fomento da **competencia emocional** na comunidade educativa

L5

Mellora do benestar emocional

L6

Hábitos de vida saudable

EIXE 4

Reforzo dunha convivencia **equitativa, inclusiva e con perspectiva de xénero**.

L7

Plan de Coeducación

Asemade, como **liñas transversais** a toda a estratexia, contamos con:

L8

Formación docente en convivencia, igualdade e educación emocional

L9

Diagnóstico e avaliación da convivencia escolar

L.1. Promoción da convivencia positiva

A convivencia é un fenómeno complexo, xa que é un proceso social e humano. Cada persoa integrante da comunidade educativa trae e achega un xeito de convivir aprendido das súas experiencias previas. Polo tanto, a educación é esencial para fortalecer os fundamentos da tolerancia e reducir a discriminación e a violencia.

A convivencia positiva fundáméntase no respecto e na dignidade de todas as persoas, na paz positiva que supera as inxustizas e nos dereitos humanos. Convivir de xeito democrático implica constituír e manter relacións saudables onde prima a tolerancia e solidariedade entre as persoas.

A promoción da **convivencia positiva** é unha aposta clara para a mellora integral da convivencia e do clima social da comunidade educativa, ofrecendo ferramentas e recursos que favorezan o desenvolvemento persoal, emocional e social do alumnado, do profesorado e das familias. Soamente deste xeito seremos quen de establecer as bases para a creación e a consolidación de espazos saudables para a aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Búscase apoiar e potenciar o papel transformador que teñen os centros educativos para que contribúan de xeito decidido a camiñar cara a unha sociedade onde non se acepte ningún tipo de actitude contraria á convivencia democrática.

Deste xeito, esta liña integrará a innovación, a cooperación e o intercambio de boas prácticas; a xestión da convivencia escolar e a aposta por un cambio de paradigma na resolución dos conflitos, entendidos estes como inherentes á vida, inevitables, necesarios e potencialmente creativos.



Desenvolveranse actuacións específicas para:

Obxectivo 1: elaborar ferramentas e recursos para a aplicación de metodoloxías innovadoras avaladas pola investigación científica na resolución de conflitos.

- » Elaboración do protocolo de apoio condutual positivo. Preséntase como guía de actuación para os centros educativos con pautas que posibiliten a abordaxe de condutas contrarias á convivencia no centro educativo.
- » Elaboración dunha guía de prácticas restaurativas. Fronte á abordaxe punitiva dos conflitos, promóvese este manual de apoio aos centros educativos co obxectivo de introducir propostas máis innovadoras na resolución dos conflitos escolares. As prácticas restaurativas melloran a convivencia escolar ao crear vínculos entre as persoas integrantes da comunidade educativa, resolvendo os conflitos a partir do diálogo, creando contornas positivas para a participación e restaurando as relacións.

Obxectivo 2: facilitar a adquisición de competencias para mellorar e xestionar a convivencia e o clima escolar nos centros educativos.

- » Programa de mediación escolar "Acordamos?". Esta iniciativa pretende especializar a comunidade educativa na mediación como estratexia para xestionar e resolver os conflitos entre iguais, fomentando unha convivencia positiva e co obxectivo final de crear e implantar un servizo de meditación escolar no centro.
- » Programa de habilidades e competencias sociais "Constrúe!". Busca xerar dinámicas de comunicación positiva que, á súa vez, se convertan no pilar sobre o que se sustente a construción dunha convivencia positiva no centro educativo.
- » Programa de axuda entre iguais. Oriéntase a crear estruturas organizativas do alumnado destinadas a tecer redes de axuda entre iguais, nas que o alumnado ten unha responsabilidade concreta e compartida na mellora da convivencia xeral do centro desde as primeiras etapas de escolarización.
- » Contratos-programa que promovan que os centros educativos desenvolvan plans que integren a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o desenvolvemento da competencia emocional e a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.

Obxectivo 3: impulsar accións de cooperación e intercambio de boas prácticas no ámbito da convivencia escolar.

- » Participación en proxectos europeos e internacionais co obxectivo de dar a coñecer as nosas actuacións e crear sinerxías coas dos outros países. Isto permitiranos compartir os avances da investigación científica en materia de convivencia e igualdade.
- » Premio de boas prácticas en convivencia “ConVivimos”. Este certame terá como obxectivo recoñecer e visibilizar o esforzo realizado polos centros educativos galegos na mellora da convivencia escolar. Terá carácter anual e contará con diferentes modalidades de participación.

O 100% dos Centros Educativos Galegos poderán desenvolver programas para a consecución dunha convivencia positiva

L.2. Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso de Galicia

As situacións de acoso escolar e ciberacoso transcenden as dificultades naturais do que supón convivir no ámbito educativo e poñen en risco a integridade do alumnado, a súa dignidade e a súa saúde. Son, asemade, situacións cambiantes que van mudando en función da etapa evolutiva do alumnado e das características sociais e culturais de cada momento. Un claro exemplo da mudanza que afectan a estas situacións podémolo atopar no papel decisivo que na actualidade xogan as tecnoloxías da relación, información e comunicación (TRIC) na vida do alumnado, que viron o seu impacto potenciado pola situación de pandemia, o que nos obriga tamén a desenvolver medidas que fomenten o seu uso responsable e que minimicen os conflitos no espazo dixital.

Baixo esta premisa, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades porá á disposición da comunidade educativa o **I Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso de Galicia** coa finalidade de previr, detectar e combater todas aquelas situacións de acoso escolar e ciberacoso na comunidade educativa. Este plan reforzará e actualizará os protocolos vixentes e proporcionará as ferramentas de prevención e detección destas situacións, así como o seguimento individualizado do alumnado.

O informe PISA (2018)³ indica que o índice de exposición ao acoso escolar entre o alumnado de 15 anos en España é un dos máis baixos dos países da nosa contorna (un 17% fronte ao 23% de media da OCDE). Asemade, o mesmo informe sitúa ao alumnado galego nos primeiros postos en tolerancia e respecto a outras culturas, superando á media de España e do conxunto de países da OCDE. Na nosa comunidade autónoma, o Informe de Diagnose 2021 sobre o estado da convivencia escolar reflicte que as redes sociais (a través de internet) é o marco no que se dan máis conflitos de todo tipo. Os lugares de conflito son, por orde:

- » Nas redes sociais (a través de internet)
- » Ao entrar ou saír do recinto escolar
- » Durante as clases
- » Nos intercambios de clase
- » Ao entrar ou saír da clase

E debe resaltarse que non se refiren unicamente a acoso escolar

3. Ministerio de Educación e Formación Profesional (2020). PISA 2018. Competencia Global. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Atención ao cidadán, documentación e publicacións. Madrid. ISBN: 978-84-369-5967-3. <https://www.educacionyfp.gob.es/inee/evaluaciones-internacionales/pisa/pisa-2018/pisa-2018-informes-es.html>

O incremento do uso das redes sociais nos últimos anos reflíctese na maior porcentaxe de percepción no conxunto do alumnado como momento no que se producen os conflitos.

Health Behaviour in School-aged Children (HBSC, 2018) ven amosando unha evolución positiva de acoso na nosa comunidade autónoma, consolidando a Galicia por debaixo da media estatal nos diferentes indicadores a este respecto.

O informe realizado por **UNICEF "Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades"** pon de manifesto que o acoso escolar e o ciberacoso non deben considerarse problemas independentes. É dicir, na maioría dos casos en que se detectan condutas de ciberacoso é moi probable que esas condutas persistan tamén fóra dos dispositivos tecnolóxicos e das redes sociais.

Con todo, e aínda que os datos cos que contamos son sistematicamente mellores que os doutras comunidades autónomas e doutros países da Unión Europea, non podemos baixar a garda nin aforrar esforzos nas accións destinadas á erradicación de todas as formas de acoso. Por iso é unha prioridade para a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades manter unha actitude de **tolerancia cero** ante calquera forma de violencia ou discriminación que se produza sobre a poboación escolar. Así, será preciso detectar e atender calquera tipo de situación contraria á convivencia nos centros educativos, pois a actividade educativa ten como finalidade o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado; a formación no respecto aos dereitos humanos e o exercicio da tolerancia e da liberdade, todo isto dentro dos principios democráticos de convivencia.



O **I Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso de Galicia**, cun enfoque multidisciplinar e desde unha perspectiva construtiva, incidirá na formación do profesorado, no papel das familias, no traballo coas persoas que cometen as agresións e coas súas vítimas e no uso saudable e responsable de internet na comunidade educativa.

Desenvolveranse actuacións específicas para:

Obxectivo 1: previr as situacións de acoso e ciberacoso escolar

- » Actividades de sensibilización para favorecer a identificación das manifestacións de acoso e ciberacoso escolar dentro dos centros docentes e nas que teñan en conta a contextualización do centro e a incidencia destas manifestacións na poboación escolar.
- » Programa para fomentar a educación na diversidade, desenvolvendo valores de respecto entre as diferentes culturas que coexisten dentro e fóra do ámbito escolar. Actuacións para a prevención da aparición do racismo e da xenofobia.
- » Desenvolvemento do Programa “Comprométe-T” dirixido ao alumnado de primaria e secundaria para favorecer a adquisición do seu compromiso coa intolerancia ante o acoso e ciberacoso escolar e coa detección precoz destas situacións. Este programa incluirá:
 - Deseño de unidades didácticas dirixidas ao profesorado para traballar a sensibilización e a prevención. Estas unidades preséntanse en formato dixital con imaxes, textos e vídeos que convidan ao traballo de aula para favorecer que o alumnado se sitúe ante posibles situacións de acoso escolar e ciberacoso.
 - Publicación dunha convocatoria de premios para o alumnado que demostre un compromiso na loita contra o acoso e o ciberacoso escolar. Terá carácter anual e os centros educativos poderán presentar candidaturas de alumnado que levase a cabo ou participase nalguna iniciativa dirixida a rexeitar as situacións de acoso escolar e ciberacoso no seu centro educativo e que promovan o coidado e o acompañamento das vítimas.
- » Campaña de concienciación e formación das familias dirixida ao fomento dunha actitude proactiva para a desnormalización das situacións cotiás de acoso e ciberacoso escolar.
 - Creación dunha canle de formación dixital. Incluír no Portal das Familias un espazo dixital que lles permita adoptar unha actitude de alerta ante posibles situacións emerxentes de acoso escolar e ciberacoso.
 - Creación e divulgación de pautas de detección do acoso e ciberacoso escolar. Trátase de materiais en formato dixital, a modo de decálogo, para favorecer a detección temperá de situacións de acoso escolar e ciberacoso.

Obxectivo 2: previr, identificar e afrontar a intervención de xeito coordinado para lograr unha solución axeitada e eficaz.

- » Revisión e actualización do Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso co obxectivo de mellorar a detección dos casos nos centros educativos e favorecer dinámicas áxiles e accesibles para a comunicación e resolución destas situacións.
- » Establecemento de liñas de colaboración con outras entidades para o tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso (fundacións, asociacións, entidades sen ánimo de lucro, plataformas dixitais...).

Obxectivo 3: dotar o alumnado de estratexias de afrontamento ante situación de acoso e ciberacoso escolar.

- » Elaboración de recursos para o alumnado que favorezan a identificación de situacións de acoso e ciberacoso escolar.
- » Programa que inclúa unha proposta de actividades dirixidas a todo o alumnado, co obxectivo de favorecer a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades básicas para ser quen de afrontar situacións de acoso escolar e ciberacoso, isto é, de identificalas e saber actuar para transmitir unha alerta e solicitar axuda.

Conseguir que o 100% dos Centros Educativos de Galicia contén cos recursos para poder previr e identificar situacións de acoso e ciberacoso escolar

L.3. Convivencia dixital responsable

A escola é unha entidade que ten no seu interior as claves para que a cidadanía aprenda de forma controlada e eficaz a facer un uso honesto e positivo das novas posibilidades que o progreso tecnolóxico ofrece (Ortega, del Rey e Sánchez, 2012).

Nesta liña, e coas orientación establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades persecue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións, a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación; sendo este último aspecto o máis directamente relacionado cos principios e retos desta estratexia. Así, a partir do curso 2021-2022, todos os Centros Educativos de Galicia deberán ter elaborado o seu **Plan Dixital de Centro** (Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022) que recolla entre os seus obxectivos a convivencia dixital crítica e responsable.

A **convivencia dixital** é a forma na que nos relacionamos coas demais persoas en contornas dixitais, polo tanto existen unha serie de formas comunmente aceptadas (como formalidades, costumes, regras, etiquetas...) que permiten a correcta interacción coa comunidade dixital. É preciso sensibilizar e formar á comunidade educativa para que as tecnoloxías e os medios de comunicación dixitais sexan axudas e pontes para a prevención



e resolución de conflitos en lugar de catalizadores dos mesmos, xa que posibilitan que se estendan fóra do tempo e do espazo escolar. Unha formación que lle permita ao alumnado, e a comunidade educativa en xeral, comprender e facer un bo uso da súa condición de ser un cidadán e cidadá dixitalizado/a.

Desenvolveranse actuacións específicas para dar cobertura ao obxectivo seguinte:

Obxectivo: promover o respecto e a actuación axeitada entre as persoas que utilizan os escenarios dixitais como un medio de interacción e comunicación.

- » Guía “Interacciona na era dixital” para o fomento das boas prácticas na rede. Trátase dun conxunto de actividades dirixidas ao alumnado de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria co obxectivo de promover o desenvolvemento da súa competencia dixital, especialmente na adquisición de habilidades que lles permitan relacionarse coas demais persoas de xeito pacífico nas contornas dixitais.
- » Programa “Contigo na Rede”. Diseñado para informar, formar e capacitar a alumnado, profesorado e familias no uso correcto e seguro das TRIC, dotándoos de ferramentas que os e as capaciten para a transformación dixital. Este programa terá como destinatarios o alumnado de 3º da ESO e permitirá a creación dun servizo de mentoría na rede. Asemade integra tanto formación do profesorado como a selección e formación do alumnado mentornauta, da que tamén se encargará o profesorado.
- » Navega con Rumbo. Dar continuidade a esta iniciativa para concienciar o alumnado da necesidade de facer un uso responsable das novas tecnoloxías e poder beneficiarse das posibilidades que ofrecen e adquirir boas experiencias e novos coñecementos.

O 100% dos Centros Educativos Galegos contarán con medidas que incidan nunha convivencia dixital responsable

L4. Competencia Dixital e Pensamento Crítico

As tecnoloxías dixitais afectan á educación, á formación e á aprendizaxe, xa que dan lugar a contornas de aprendizaxe máis flexibles e adaptadas ás necesidades dunha sociedade en constante movemento. Así, a transformación dixital que experimenta a sociedade na que nos situamos posibilita que cheguen a nós unha gran cantidade e variedade de opcións, de propostas, de noticias verdadeiras e falsas ou enganosas (*fake news*), de publicidade e de crenzas, en lugar de pensamento fundamentado en investigacións científicas de calidade. Por todo isto, e dentro das diversas vertentes e tipos de competencias e pensamentos a desenvolver nas aulas, a competencia dixital e o pensamento crítico fórmulanse como unha necesidade urxente. As Recomendacións do Consello de Europa relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente (CE, 2018) que revisa e actualiza todo o caudal das orientacións sobre a formación no contexto europeo e mundial indica que “capacidades como a creatividade, o pensamento crítico, a capacidade para tomar iniciativa e a resolución de problemas desempeñan un papel importante para facer fronte á complexidade e ao cambio na sociedade actual” (p. 2).

Desenvolveranse actuacións específicas para dar cobertura a dous obxectivos fundamentais:

Obxectivo 1: potenciar competencias para buscar, seleccionar e comprender a información dos medios, así como coñecer os mecanismos que afectan ao noso pensamento crítico.

- » Programa de pensamento crítico na aula. Inclúirá unha proposta de actividades dirixidas ao alumnado a través da estimulación, desenvolvemento e perfeccionamento dun pensamento:
 - Crítico: baseado no pensamento científico que busca a veracidade sustentada e formar e fundamentar as opinións. Formar persoas capaces de superar prexuizos e pensar con criterio e reflexión crítica.
 - Creativo: xerar nas persoas un pensamento explorador e innovador, ser unha persoa que imaxina e crea alternativas; que proporciona solucións fluídas e flexibles aos problemas; fomentar o talento individual e colectivo conectando ideas e áreas de pensamento.
 - Ético: desenvolver o pensamento coidadoso e orientado á acción; un pensamento que está pendente da conexión que se da entre as nosas accións e os seus efectos ou consecuencias no mundo.

Todo baixo a perspectiva da multidimensionalidade do pensamento, entendido como estreita unión e procura de coherencia entre pensar, dicir, sentir e actuar.


- » Plan LIA 2021-2025 de bibliotecas escolares, para a Lectura, a Información e a Aprendizaxe para a mellora das competencias da lectura, escritura e habilidades investigadoras e de uso da información do alumnado galego.

Ademais sumaranse ás accións de pensamento crítico e cultura científica que, con carácter xeral, desenvolva a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Obxectivo 2: capacitar ao alumnado para crear unha identidade dixital segura.

- » Guía de boas prácticas para a creación dunha identidade dixital segura. En colaboración con outras entidades e institucións, constituirá un documento de referencia para a comunidade educativa sobre aspectos relevantes da creación consciente, propia, segura e transparente da identidade 2.0 ou identidade dixital.

O 100% dos Centros Educativos Galegos contarán con medidas que incidan no desenvolvemento da competencia dixital e do pensamento crítico




L5. Mellora do benestar emocional

A educación emocional defínese como unha forma de prevención primaria inespecífica das dificultades de convivencia que son, en moitos casos, debidos a un escaso desenvolvemento das competencias emocionais como a impulsividade, a ausencia de empatía, a falta de asertividade, a baixa autoestima... (Bisquerra e Pérez, 2014).

A falta destas competencias emocionais adoita ter a súa orixe na infancia, sendo máis perceptible na adolescencia. Como afirma Díaz-Aguado (2005) estimular a capacidade de poñerse no lugar do outro é un motor básico de todo o desenvolvemento emocional e constitúe unha das medidas máis efectivas para combater a violencia escolar.

É moi importante investir en tempo e esforzo no acompañamento en educación emocional; pois sen un bo clima de aula e sen cohesión de grupo, o proceso de ensino-aprendizaxe é máis difícil e lento. Non abordar o estado emocional do alumnado pode xerar exclusión e prexuízo social e incluso a perda de parte do mesmo, que se desengancha do sistema educativo (absentismo, fracaso e abandono escolar temperán) sen aportar á sociedade todo o seu potencial creativo.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, como resposta inmediata á situación de emerxencia sanitaria da COVID-19, publicou o **Plan de Benestar Emocional**, que inclúe unha proposta de intervención para que os centros educativos poidan atender o estado emocional da comunidade educativa. Nesta dirección, esta liña recolle actuacións dirixidas a velar pola saúde emocional, tendo a escola a oportunidade e a responsabilidade de traballar as habilidades socioemocionais.



Desenvolveranse actuacións específicas para:

Obxectivo 1: contribuír á mellora do benestar emocional da comunidade educativa.

- » Desenvolvemento do Plan de benestar emocional dando continuidade as diferentes fases de intervención descritas no mesmo, e favorecendo a realización das actividades a través dos diferentes programas que no ámbito da convivencia e igualdade desenvolve a Consellería.
- » Creación de comisións provinciais e autonómicas de seguimento de benestar e da convivencia nos centros educativos. Estas comisións terán un carácter multidisciplinar e estarán formadas por profesionais de diferentes ámbitos educativo, sanidades, política social, emprego, etc. Baixo unha perspectiva transversal e integral, apoiarán aos centros educativos na abordaxe das problemáticas xurdidas neste ámbito.
- » Revisión e actualización do protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo co obxectivo de mellorar o procedemento, a coordinación das administracións implicadas e a especialización da formación do profesorado. As características e necesidades do noso alumnado no momento actual fai necesario mellorar a resposta educativa dada.
- » Programa de promoción da saúde mental. Implementación, en colaboración coa consellería competente en materia de sanidade, dun programa para a formación do profesorado e do alumnado que rompa mitos e sensibilice á comunidade educativa.
- » Protocolo básico de intervención contra o maltrato infantil. Proporcionar á comunidade educativa os coñecementos e as estratexias necesarias para a identificación temperá de situacións de maltrato infantil, difundir e formar sobre o desenvolvemento do protocolo e reforzar a coordinación con outras institucións.

Obxectivo 2: impulsar a participación e o compromiso da comunidade educativa.


- » Programa de acompañamento de educación emocional “Compases”. Este programa ten como obxectivo crear unha rede de centros que incorporen a educación emocional como sinal de identidade. Para iso, ponse á súa disposición recursos e estratexias que promovan unha convivencia positiva e do benestar de toda a comunidade educativa. O seu propósito último é formar o alumnado para aprender a ser e vivir dunha forma plena os retos que afrontará no futuro. Está dirixido ao alumnado de educación primaria e inclúe:

- Dinámicas para realizar co alumnado na aula.
 - Material de apoio e formación dirixida ao profesorado.
 - Actividades de presentación e formación dirixidas ás familias.
-
- » Mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado. A través da figura da persoa que exerza a coordinación do benestar e protección do alumnado nos centros educativos estableceranse os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar a labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
 - » Elaboración de recursos e materiais de apoio dirixidos ao profesorado para a prevención e detección de situacións contrarias ao benestar emocional e de posibles casos de violencia no propio centro e na súa contorna.
 - » Formación para as familias orientadas á identificación precoz de desaxustes emocionais dos/as seus/súas fillos/as, á súa xestión e a ofrecer recursos a onde poidan acudir para acompañar e coidar o seu benestar emocional. Estes recursos poden ser internos e externos ao centro. Neste último caso contarse co apoio das distintas institucións e entidades que colaboran coa Consellería.
 - » Programa de Educación Responsable. Trátase dun programa educativo que favorece o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, promove a comunicación e mellora da convivencia nos centros educativos a partir do traballo co profesorado, co alumnado e coas familias. É un proxecto centrado na aplicación didáctica, dentro das áreas curriculares, dunha serie de recursos de educación emocional, social e creativa.

Incrementar nun 30% o número de Centros Educativos que desenvolvan programas de educación emocional

L6. Hábitos de vida saudables

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como “un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades”. Os hábitos de vida saudables inclúen condutas de saúde, patróns de conduta, crenzas, coñecementos, hábitos e accións das persoas para manter, restablecer ou mellorar a súa saúde. Son produto de dimensións persoais, ambientais e sociais, que emerxen non soamente do presente, senón tamén da historia persoal de cada suxeito. A promoción de hábitos de vida saudables no ámbito educativo supón prestar atención á prevención de condutas problemáticas e adictivas (con e sen substancia), ao equilibrio dietético na alimentación, ao fomento da práctica de exercicio físico e ao desenvolvemento de programas de educación para a saúde. Así, esta liña inclúe actuacións concretas nas que se contará coa colaboración da Consellería competente en materia de Sanidade e formúlase os seguinte obxectivos:



Obxectivo 1: implementar un programa universal de prevención. Este programa está dirixido a todo o alumnado de educación primaria (6-12 anos) e educación secundaria obrigatoria (12-16 anos). A súa implementación será responsabilidade do propio profesorado, que serán previamente formados e que contarán coa colaboración de persoal técnico de prevención dependente da Consellería de Sanidade. O programa inclúe:

- » Actividades para o alumnado con sesións planificadas para a súa implementación nas aulas que favorezan a adquisición de hábitos e formas saudables de ocupación do ocio. Mellora das habilidades sociais e de resistencia e/ou rexeitamento a presións externas, mellora do coñecemento sobre riscos asociados ao uso de sustancias e posibles riscos asociados ao xogo e videoxogo, internet e redes sociais.
- » Formación básica dirixida ao profesorado con recursos en formato impreso e dixital que acompañen a implementación do programa na aula e que contará coa participación de persoal técnico de prevención do ámbito sanitario.
- » Elaboración de materiais específicos: guía para os centros educativos e materiais en soporte gráfico e audiovisual.
- » Información e formación dirixidas ás familias, sobre os obxectivos e contidos do programa para conseguir un respaldo activo das Escolas de Nais e Pais (ENAPAS).

Obxectivo 2. implementar un programa selectivo de prevención escolar. Este programa está dirixido ao alumnado en situación de vulnerabilidade, especialmente o escolarizado na etapa de educación secundaria obrigatoria ou formación profesional básica. O programa inclúe:

- » Actividades dirixidas ao alumnado en situación de vulnerabilidade (nivel elevado de risco psicosocial) traballando a adquisición de competencias e habilidades, a percepción e actitudes ante as condutas adictivas e condutas problemáticas co uso de TRIC, aposta ou videoxogos.
- » Establecemento de programas selectivos en función do risco da poboación destinataria, en colaboración cos servizos de ámbito sanitario.
- » Actividades de formación para o profesorado.
- » Actividades conxuntas entre o profesorado e as familias, co deseño de intervencións de mentorización ás familias.

Obxectivo 3. sensibilizar á comunidade educativa na educación para a saúde.

- » Programa de Educación para a Saúde. Conxunto de actividades dirixidas ao alumnado e orientadas a fomentar estilos de vida saudables, a través da promoción de actitudes e hábitos responsables co saúde individual e colectiva.
- » Escolas promotoras de saúde. Centros educativos que teñan como liñas prioritarias no seu proxecto educativo a promoción da saúde e que faciliten a adopción, por parte de toda a comunidade educativa, de modos de vida sas nun ambiente favorable á saúde e que decidan formar parte da Rede de Escolas promotoras de Saúde.
- » Plan Proxecta que promovan que os centros educativos desenvolvan actuacións que fomenten os hábitos de vida saudables.

Desenvolver actuacións e programas de promoción de estilos de vida saudables que cheguen ao 20% do alumnado galego

L7. Plan de coeducación

En consonancia coas directrices sinaladas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dota dun impulso decisivo a Estratexia de Convivencia a favor do traballo coeducativo para erradicar a lacra social que supón a violencia de xénero, que constitúe un dos focos de atención da coeducación. Este impulso transmite socialmente o compromiso firme da Consellería para atallar os conflitos de convivencia motivados por causa deste tipo de violencia.

Os estudos elaborados desde a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero recollen a incidencia da violencia de xénero en todo o Estado e transmiten a vixencia e avance de actitudes que se crían en declive, polo que a Consellería aposta por afondar no tratamento da sensibilización, da prevención, da detección precoz e da intervención ante a violencia contra as mulleres co fin de facer dos centros espazos seguros.

A normalización de actitudes de control na adolescencia e o avance das violencias machistas nos espazos de participación obriga a extremar as precaucións na protección das persoas menores de idade e a reforzar as habilidades da comunidade educativa para detectar precozmente estas violencias.

Así pois, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades busca reforzar os instrumentos de análise e de abordaxe necesarios para a loita contra a violencia de xénero atendendo especialmente o impacto social e psicolóxico causado sobre a poboación menor de idade.

Desenvolveranse actuacións específicas para:

Obxectivo 1: analizar os datos estatísticos con perspectiva de xénero para identificar como afectan as situacións de violencia en función do sexo.

- » Informe “Convivencia e igualdade en cifras” de análise e diagnóstico da convivencia escolar con perspectiva de xénero na nosa comunidade autónoma, con atención especial da violencia de xénero e da violencia LGTBI.



Obxectivo 2: reforzar os sistemas de detección da violencia de xénero cometida sobre a poboación escolar.

- » Guía de pautas de sensibilización contra a violencia de xénero nos centros educativos co fin de favorecer a identificación das situacións de violencia e os recursos de derivación.
- » Programa piloto de educación afectivo-sexual con enfoque integral para a súa abordaxe en todas as etapas educativas, con guías de actuación de referencia, proposta de actividades, recursos de distintos formatos...
- » Protocolo de provención, prevención e detección precoz ante a violencia de xénero para dotar os centros de recursos para a abordaxe temperá dunha situación de violencia.
- » Difusión de diferentes recomendacións de prevención fronte ao acoso sexual e por razón de sexo no ámbito laboral ca fin de previr situacións de violencia na formación profesional elaborada por diferentes organismos e institucións.

Obxectivo 3: mellorar os sistemas de resposta educativa ante a diversidade afectivo-sexual e de identidade de xénero.

- » Actualización do Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero para a mellora da resposta educativa dada ao funcionamento do actual documento.

Obxectivo 4: contribuír á desaparición da fenda de xénero no ámbito laboral a través da formación profesional.

- » Análise dos estereotipos de xénero no alumnado de formación profesional.
- » Difusión de boas prácticas educativas que fomenten a igualdade e reduzan os estereotipos de xénero na formación profesional.

O 100% dos Centros Educativos de Galicia con Plan de Igualdade

L8. Formación docente en convivencia, coeducación e educación emocional

A capacitación docente defínese como un proceso de ensinanza-aprendizaxe onde se estimulan actitudes, se adquiren coñecementos e se desenvolven destrezas, o cal supón un desenvolvemento constante de competencias profesionais docentes. Leva implícita a formación como un proceso social e cultural que contribúe ao desenvolvemento da capacidade transformadora do ser humano na súa adaptación ao medio en que vive. Esta adaptación implica unha actualización de coñecementos e unha sensibilización ante os retos que se presentan a través dos cambios sociais. Todo isto supón unha aposta decidida na procura da vangarda no coñecemento pedagóxico e da evidencia científica que se verte sobre o ámbito educación.

A escola xoga un papel moi importante no desenvolvemento integral das persoas pois nela conviven durante unha etapa decisiva na formación da súa personalidade. É polo tanto o contexto idóneo no que debe abordarse a convivencia de forma integral, intencionada e sistemática. Por outra parte, os factores que inflúen na convivencia escolar son múltiples e complexos e na súa abordaxe deberán involucrarse todos os axentes da comunidade educativa.

É, pois, fundamental que o profesorado, ademais do dominio que posúe como especialista na súa materia, teña desenvoltas tamén na mesma medida as súas competencias xenéricas do perfil docente, nomeadamente no que ten que ver co seu papel de interlocutor/a e referente para atención específica da convivencia, da coeducación e da educación emocional. A necesidade de aprender ao longo vida supón para o profesorado unha esixencia maior polo seu nivel de responsabilidade social nos procesos de ensino-aprendizaxe no conxunto da poboación, polo que se fai maiormente necesario no seu caso potenciar a formación, de forma sistemática e permanente ao longo da súa carreira profesional.



Desenvolveranse actuacións específicas para:

Obxectivo 1: impulsar unha formación especializada en materia de convivencia, inclusión e igualdade.

- » Congreso internacional de convivencia. Con carácter bianual, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades organizará un evento referente na difusión da innovación e a transferencia de coñecemento con representación nacional e internacional. Estará deseñado como espazo de encontro, reflexión, análise e difusión da investigación no ámbito da convivencia, favorecendo ao mesmo tempo o intercambio de prácticas educativas de éxito.
- » Actividade formativa específica sobre convivencia escolar para o profesorado de novo ingreso á función docente co obxectivo de ofrecer unha formación básica sobre a normativa, os protocolos de actuación e as estratexias metodolóxicas que lles permitan incorporar a convivencia positiva como un contido transversal do currículo das súas materias.
- » Liña de formación específica para a elaboración de materiais e recursos para o traballo coeducativo, co fin de desenvolver estratexias de aula contra situación de violencia de xénero e de acoso homofóbico, atendendo a aspectos preventivos, así como o acompañamento das vítimas.

Obxectivo 2: impulsar a difusión das actuacións e recursos vinculados á mellora da convivencia escolar.

- » Actualización e mellora do espazo web específico de convivencia co obxectivo de ofrecer á comunidade educativa de xeito organizado e sistemático información, normativa, protocolos de actuación e recursos relacionados coa convivencia escolar.
- » Facilitar o coñecemento e o acceso a recursos específicos vinculados ao benestar e a convivencia escolar.

Profesionais da educación en Galicia altamente cualificados en convivencia, coeducación e educación emocional + 80%

L9. Diagnóstico e seguimento da convivencia escolar


Os coñecemos, as experiencias e as percepcións de todos os axentes educativos que participan na vida da comunidade educativa deben ser a base e o punto de partida para o creación de coñecemento e para a planificación en materia de convivencia escolar. Dar voz ao alumnado, ao profesorado, aos equipos directivos e ás familias resulta fundamental á hora de realizar unha toma de decisións adaptada ás necesidades reais da nosa comunidade e da sociedade en xeral.

Corresponde á Administración educativa a responsabilidade de favorecer a participación dos diferentes axentes implicados na convivencia nos centros educativos. Esta participación no ámbito autonómico obsérvase a través da recollida sistemática de información, realizada mediante a aplicación dunha enquisa bianual sobre a situación da convivencia nos centros educativos, e a realización do posterior informe de diagnose.

A principal finalidade das enquisas sobre a situación da convivencia escolar é obter a maior información posible, tanto a nivel de Comunidade Autónoma de Galicia, como a nivel particular de cada centro docente. A partir da información recollida a Administración educativa planifica as medidas necesarias para a mellora da convivencia entre todas e todos no marco dunha escola inclusiva que teñan en conta a diversidade.

Para acadar a maior participación dos centros educativos nas enquisas periódicas sobre a convivencia escolar, a Administración educativa promoverá que o trinomio escola-familia-sociedade converxa nos seus intereses para aumentar o beneficio e amplificar a proxección dunha convivencia positiva.

Cómpre sinalar que, sendo estas enquisas periódicas un apoio importante para os centros educativos, estes deben elaborar tamén os seus propios instrumentos para valorar a situación da convivencia no centro de cara á posta en práctica de medidas educativas proventivas, anticipándose aos posibles conflitos.



Obxectivo 1: realizar un seguimento e avaliación da convivencia escolar en Galicia.

- » Actualización dos cuestionarios da macroenquisa de convivencia mantendo a trazabilidade e consistencia.
- » Realización da macroenquisa de convivencia con carácter bianual. O obxectivo deste instrumento de recollida de datos é coñecer o estado da convivencia escolar en Galicia de maneira sistemática e periódica.
- » Elaboración do Informe de Diagnose da convivencia escolar en Galicia como resultado da aplicación e análise dos resultados da macroenquisa. Terá tamén carácter bianual.
- » Elaboración e entrega aos centros educativos dos informes individualizados para que poidan analizar e valorar o estado da convivencia escolar no seu centro e establecer os plans de mellora correspondentes.

Obxectivo 2: definir mecanismos e indicadores de seguimento da convivencia escolar.

- » Establecemento de protocolos de actuación cos diferentes departamentos que integran a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, determinando indicadores para a obtención de datos sensibles que permitan elaborar propostas de mellora no ámbito da convivencia escolar.
- » Implementación de canles de comunicación con diferentes entidades e institucións con representación no ámbito da convivencia escolar para a disposición de parámetros de análise.

Seguir mellorando a participación na macroenquisa de Convivencia Escolar + 5 puntos

6. RESUMO GRÁFICO DE EIXES ESTRATÉXICOS E LIÑAS DE IMPACTO

Liñas de impacto	Prioridades estratéxicas															
	Avance da convivencia positiva como estilo educativo de centro				Impulso da formación integral da comunidade educativa para o exercicio dunha cidadanía dixital, ética , segura e responsable				Fomento da competencia emocional da comunidade educativas				Reforzo dunha convivencia equitativa, inclusiva e con perspectiva de xénero			
	Centros	Alumnado	Profesorado	Familias	Centros	Alumnado	Profesorado	Familias	Centros	Alumnado	Profesorado	Familias	Centros	Alumnado	Profesorado	Familias
L1. Promoción da convivencia positiva	X	X	X	X												
L2. Plan integral contra o acoso escolar e o ciberacoso	X	X	X	X												
L3. Convivencia dixital responsable					X	X	X	X								
L4. Competencia dixital e pensamento crítico					X	X	X	X								
L5. Mellora do benestar emocional									X	X	X	X				
L6. Hábitos de vida saudables									X	X	X	X				
L7. Plan de coeducación													X	X	X	X
L8. Formación docente en convivencia, igualdade e educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
L9. Diagnóstico e seguimento da convivencia escolar	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

7. BIBLIOGRAFÍA

- » Amnistía Internacional España (2019). Hacer la vista... ¡gorda!: el acoso escolar en España, un asunto de derechos humanos. Ed. Amnistía Internacional España. <https://doc.es.amnesty.org/ms-opac/recordmedia/1@000031105/object/40724/raw>.
- » Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (2017). Plan Estratégico de Convivencia Escolar. Ed. Secretaría General Técnica. DOI: 10.4438/030-17-012-7.
- » Gobierno del Principado de Asturias (2018). Plan estratégico para la mejora de la convivencia y la participación en los centros educativos del Principado de Asturias. Ed. Consejería de Educación y Cultura.
- » Bronfenbrenner, U. (1987). La ecología del desarrollo humano. Paidós.
- » Cascon, P. (2000). Educar en y para el conflicto. Universidad Autónoma de Barcelona <https://www.google.com/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=&ved=>
- » Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género (2018). Percepción social de la violencia sexual. Ed. Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad. https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/colecciones/estudio/Libro25_Violencia_Sexual.htm
- » Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género (2020): Macroenquisa de violencia contra la Mujer 2019. Ed. Ministerio de Igualdad. <https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/macroencuesta2015/Macroencuesta2019/home.htm>
- » Díaz Aguado, M. J. (2006). Convivencia escolar y prevención de la violencia. Ministerio de Educación y Ciencia. Instituto de Tecnologías Educativas
- » Díaz Aguado, M.J. (2020). Menores y violencia de género. Ministerio de Igualdad. https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2020/menores_UCM.htm
- » Díaz Aguado, M.J. (dir.) (2021): La situación de la violencia contra las mujeres en la adolescencia en España. Ministerio de Igualdad. https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2021/estudios/violencia_en_la_adolescencia.htm

- » Lipman, Matthew (2004). Decidiendo qué hacemos. Madrid: Ed. de la Torre.
- » Lipman, Matthew (1988). Investigación filosófica. Madrid: Ed. de la Torre.
- » Naciones Unidas (2020). Estrategia de las Naciones Unidas para la Inclusión y la Discapacidad. Ed. Naciones Unidas.
- » Ministerio de Educación e Formación Profesional (2020). PISA 2018. Competencia Global. Secretaría Xeral Técnica. Subdirección Xeral de Atención ao cidadán, documentación e publicacións. Madrid. ISBN: 978-84-369-5967-3. <https://sede.educacion.gob.es/publiventa/pisa-2018-competencia-global-informe-espanol/organizacion-y-gestion-educativa/24677>
- » Ministerio de Justicia (2021). Memoria de la Fiscalía General del Estado. Ed. Fiscalía General del Estado. https://www.fiscal.es/memorias/memoria2021/FISCALIA_SITE/index.html
- » Ministerio de Educación y Formación Profesional (2021): Igualdad en cifras MEFP 2021. Aulas por la igualdad. Ed. Secretaría General Técnica. Subdirección General de Atención al Ciudadano, Documentación y Publicaciones. <https://www.educacionyfp.gob.es/gl/mc/igualdad/igualdad-cifras.html>
- » Reyes, E-T. & García, S-A. (2015). Convivencia con conflicto y sin violencia en la escuela: la provención como estrategia de paz. Ra Ximhai, 11(1), 19-32
- » Rodríguez Muñoz, V. M. (2007). Concepciones del alumnado de Educación Secundaria Obligatoria sobre la convivencia en los centros educativos. Revista de Educación, 343, 197-198
- » Save the Children (2018). Informe de resultados: percepciones y vivencias del acoso escolar y el ciberacoso entre la población española de 10 a 17 años. Ed. Save the Children
- » UNESCO (2017). School violence and bullying. Global Status Report. Ed. UNESCO
- » UNICEF (2018). Guía para la mejora del clima escolar en los centros educativos. Ed. UNICEF
- » Moreno C, Ramos P, Rivera F et al. Informe técnico de los resultados obtenidos por el Estudio Health Behaviour in School-aged Children (HBSC) 2018 en España. Ministerio de Sanidad, 2020. https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/promocion/saludJovenes/estudioHBSC/docs/HBSC2018/HBSC2018_InformeTecnico.pdf

- » UNICEF (2022). Impacto de la tecnología en la adolescencia. Relaciones, riesgos y oportunidades. Un estudio comprensivo e inclusivo hacia el uso responsable de las TRIC. Ed. UNICEF. ISBN: 978-84-124058-2-8.
- » Vega Osés, M.A. (2017). Convivencia escolar: dimensiones, programas e evaluación. [Tesis Doctoral Inédita]
- » Xunta de Galicia (2015). Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020. Ed. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- » Xunta de Galicia (2021). Benestar Emocional. Proposta de Intervención. Ed. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Galicia. <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/33281>.

